

ORDENANZA FISCAL Número 13
REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR
DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA

CAPITULO I
FEITO IMPOÑIBLE

Artigo 1º.-

1.- Constitúe o feito imponible do imposto o incremento de valor que experimenten os terreos de natureza urbana e que se poña de manifesto a consecuencia da transmisión da súa propiedade por calquera título ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo do dominio, sobre os referidos terreos.

2.- O título a que se refire o apartado anterior poderá consistir en:

- a).- Negocio xurídico “mortis causa”.
- b).- Declaración formal de herdeiros “ab intestato”.
- c).- Negocio xurídico “inter vivos”, sexa de carácter oneroso ou gratuíto.
- d).- Enaxenación en poxa pública.
- e).- Expropiación forzosa.

Artigo 2º.-

Terán a consideración de terreos de natureza urbana os definidos como tales a efectos do Imposto sobre Bens Inmóbles. Ós efectos deste Imposto, estará así mesmo suxeito ó mesmo o incremento de valor que experimenten os terreos integrados nos bens inmóbles clasificados como de características especiais a efectos do Imposto sobre Bens Inmóbles.

Artigo 3º

1.- Non está suxeito a este imposto o incremento de valor que experimenten os terreos que teñan a consideración de rústicos a efectos do Imposto sobre Bens Inmóbles. En consecuencia con isto está suxeito o incremento de valor que experimenten os terreos que deban ter a consideración de urbanos a efectos do Imposto de Bens Inmóbles, con independencia de que estean ou non contemplados como tales no Catastro ou Padrón de aquel.

2.- Non se producirá a suxeición ao imposto nos supostos de aportacións de bens e dereitos realizadas polos cónxuxes á sociedade conxugal, adxudicacións co seu favor e en pago destas verifíquense e as transmisións que se fagan aos cónxuxes en pago dos seus haberes comúns.

3.- Tampouco producirase a suxeición ao imposto nos supostos de transmisións de ben inmóbles entre cónxuxes ou a prol dos fillos, como consecuencia do cumprimento de sentencias nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial, sexa cal sexa o réxime matrimonial.



4. Non se producirá a suxeición ao imposto nas transmisións de terreos respecto dos cales se constate a inexistencia de incremento de valor por diferenza entre os valores de dichos terreos nas datas de transmisión e adquisición.

Para elo, o interesado en acreditar a inexistencia de incremento de valor deberá declarar a transmisión, así como aportar os títulos que documenten a transmisión e a adquisición, entendéndose por interesados, a estes efectos, as persoas ou entidades a que se refire o artigo 7º desta Ordenanza.

Para constatar a inexistencia de incremento de valor, como valor de transmisión ou de adquisición do terreo tomarase en cada caso o maior dos seguintes valores, sen que a estes efectos poidan computarse os gastos ou tributos que graven dichas operacións: o que conste no título que documente a operación ou o comprobado, no seu caso, pola Administración tributaria.

Cando se trate da transmisión dun inmovible no que exista solo e construción, tomarase como valor do solo a estes efectos o que resulte de aplicar a proporción que represente na data de devengo do imposto o valor catastral do terreo respecto do valor catastral total e esta proporción aplicarase tanto ao valor de transmisión como, no seu caso, ao de adquisición.

Si a adquisición ou a transmisión foi a título lucrativo aplicaranse as regras dos parágrafos anteriores tomando, no seu caso, polo primeiro dos dous valores a comparar sinalados anteriormente, o declarado no Imposto sobre Sucesións e Doazóns.

Na posterior transmisión dos inmovibles aos que se refire este punto, para o cómputo do número de anos ao longo dos cales se puxo de manifesto o incremento do valor dos terreos, non se terá en conta o período anterior a súa adquisición. O disposto neste parágrafo non será de aplicación nos supostos de aportacións ou transmisións de bens inmovibles que resulten non suxeitas en virtude do disposto nos apartados 2 e 3 deste artigo ou na disposición adicional segunda da Lei 27/2014, de 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades.

5. Non se devengará o imposto con ocasión das aportacións ou transmisións de bens inmovibles efectuadas á Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A. regulada na disposición adicional sétima da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, que se lle transferisen, de acordo co establecido no artigo 48 do Real Decreto 1559/2012, do 15 de novembro, polo que se establece o réxime xurídico das sociedades de xestión de activos

Non se producirá o devengo do imposto con ocasión das aportacións ou transmisións realizadas pola Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A., as entidades participadas directa ou indirectamente por dita Sociedade en polo menos menos o 50% do capital, fondos propios, resultados ou dereitos de voto da entidade participada no intre inmediatamente anterior á transmisión, ou como consecuencia da mesma.

Non se devengará o imposto con ocasión das aportacións ou transmisións realizadas pola Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestructuración Bancaria, S.A., ou polas entidades constituídas por esta para cumprir co seu obxecto social, aos fondos de activos bancarios, a que se refire a disposición adicional décima da Lei 9/2012, do 14 de novembro.



Non se devengará o imposto polas aportacións ou transmisións que se produzan entre os citados Fondos durante o período de tempo de mantemento da exposición do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria aos Fondos, previsto no apartado 10 de dita disposición adicional décima.

Na posterior transmisión dos inmobles entenderase que o número de anos ao longo dos cales se manifestou o incremento de valor dos terreos non foi interrompida por causa da transmisión derivada das operacións previstas neste apartado.

CAPITULO II

EXENCIONES E BONIFICACIONES

Artigo 4º.- EXENCIONES OBXECTIVAS

Están exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten como consecuencia de:

- a).- A constitución e transmisión de dereitos de servidume.
- b).-As transmisións de bens que se atopen dentro do perímetro delimitado como Conxunto Histórico-Artístico, ou estean declarados individualmente de interese cultural, segundo o establecido na Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, cando os seus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten realizadas ao seu cargo obras de conservación, mellora ou rehabilitación en ditos inmobles.
- c) As transmisións realizadas por persoas físicas con ocasión da dación en pago da vivenda habitual do debedor hipotecario ou garante do mesmo, para a cancelación de débedas garantidas con hipoteca que recaia sobre a mesma, contraídas con entidades de crédito ou calquera outra entidade que, de maneira profesional, realice a actividade de concesión de préstamos ou créditos hipotecarios.

Así mesmo, estarán exentas as transmisións da vivenda en que concorran os requisitos anteriores, realizadas en execucións hipotecarias xudiciais ou notariais.

Para ter dereito á exención, requírese que o debedor ou garante transmitente ou calquera outro membro da súa unidade familiar non dispoña, no momento de poder evitar a enaxenación da vivenda, doutros bens ou dereitos en contía suficiente para satisfacer a totalidade da débeda hipotecaria. Presumirase o cumprimento deste requisito. Non obstante, se con posterioridade se comprobara o contrario, procederase a xirar a liquidación tributaria correspondente.

A estes efectos, considerarase vivenda habitual aquela na que figurase empadroadado o contribuínte de forma ininterrompida durante, polo menos, os dous anos anteriores á transmisión ou dende o momento da adquisición se dito prazo fose inferior aos dous anos.

Respecto ao concepto de unidade familiar, estarase ao disposto na Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio. A estes efectos, equipararase o matrimonio coa parella de feito legalmente inscrita. Respecto de esta exención, non resultará de aplicación o disposto no artigo 9.2 da citada lei.

Artigo 5º.- EXENCIONES SUBJECTIVAS

1.- Están exentos deste imposto os correspondentes incrementos de valor cando a obriga de satisfacer aquel recaía sobre as seguintes persoas ou entidades:

- a).- O Estado, as comunicades autónomas e as entidades locais, ás que pertenza o municipio, así como os organismos autónomos do Estado e as entidades de dereito público de análogo carácter das comunicades autónomas e das ditas entidades locais.
- b).- O municipio da imposición e demais entidades locais integradas ou nas que se integre o dito municipio, así como as súas respectivas entidades de dereito público de análogo carácter aos Organismos autónomos do Estado.
- c).- As institucións que teñan a calificación de benéficas ou de benéfico-docentes.
- d) As entidades xestoras da Seguridade Social e as Mutualidades de Previsión Social reguladas na Lei 30/1995, de 8 de novembro, de Ordenación e Supervisión dos Seguros Privados.
- e).- Os titulares de concesións administrativas revertibles respecto aos terreos afectos a estas.
- f).- A Cruz Vermella Española.
- g).- As persoas ou entidades a prol das que se recoñeza a exención en tratados ou convenios internacionais.

2.- DERROGADO

Artigo 6º.- BONIFICACIONES

1.- Aplicaranse as seguintes bonificacións na cota deste imposto, en función dos seguintes tramos de valor catastral do solo do inmovible obxecto de transmisión e con independencia do valor atribuído ao dereito, ás transmisións de terreos e ás transmisións e constitucións de dereitos reais de goce limitativo do dominio, realizadas a título lucrativo por causa de morte a favor dos descendentes e adoptados de primeiro grao, dos cónxuxes e dos ascendentes e adoptantes de primeiro grao, cando o ben ou dereito obxecto da transmisión fose a vivenda habitual do causante á data do devengo do imposto, e polo menos durante os dous últimos anos, o que se acreditará cun certificado de empadramento:

Tramo de valor catastral	Bonificación
Menor ou igual a 20.000 euros	75%
Maior a 20.000 euros	50%

Nos supostos de que a transmisión do ben responda a un pacto de mellora ou apartación a bonificación por vivenda habitual só poderá aplicarse naqueles supostos en que o transmitente se reserve o usufructo do ben.

2.- Aos efectos do gozo da bonificación, equipararase ao cónxuxe a quen houbera convivido co causante, con análoga relación de afectividade e acredite en tal sentido, en virtude de certificado expedido ao efecto, a súa inscrición no Rexistro de Unións de Feito.

CAPITULO III

SUXEITOS PASIVOS

Artigo 7º.-

1.- Terán a consideración de suxeito pasivos deste imposto:

a)- Nas transmisión de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, a título lucrativo, a persoa física ou xurídica, ou a entidade á que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, adquirente do terreo ou a prol de quen se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.

b)- Nas transmisión de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, a título oneroso, a persoa física ou xurídica, ou a entidade á que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, transmitente do terreo ou a prol de quen se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.

2.- Nos supostos a que se refire a letra b) do apartado anterior, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que adquira o terreo ou a favor de que se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate, cando o contribuínte sexa unha persoa física non residente en España.

CAPITULO IV

BASE IMPOÑIBLE

Artigo 8º.-

1.A base imponible deste imposto está constituída polo incremento do valor dos terreos posto de manifesto no momento do devengo e experimentado ao longo dun período máximo de vinte anos.

2.A base imponible deste imposto será o resultado de multiplicar o valor do terreo no momento do devengo polo coeficiente que corresponda ao período de xeración conforme aos coeficientes previstos no artigo 9º desta Ordenanza. **(Estimación obxectiva).**

3.Para determinar o valor do terreo, nas operacións que grava o imposto, atenderase ás seguintes regras:

a) Nas transmisións de terreos de natureza urbana ou integrados nun ben inmovible de características especiais:

O valor do terreo no momento do devengo será o que teña determinado a efectos do Imposto de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, proporcionado pola Xerencia Territorial do Catastro.

Cando o valor do terreo no Imposto sobre Bens Inmóveis sexa consecuencia dunha ponencia de valores que non reflexe modificacións do planeamento aprobadas con posterioridade á aprobación de dita ponencia autoliquidarase provisionalmente de acordo a aquel. Nestes casos, a liquidación definitiva aplicarase sobre o valor dos terreos unha vez se obteña conforme aos procedementos de

valoración colectiva que se instrúan, referido á data do devengo. Cando esta data non coincida coa de efectividade dos novos valores catastrais, estes serán corrixidos aplicando os coeficientes de actualización que correspondan, establecidos ao efecto nas leis de presupostos xerais do Estado.

Cando o terreo non teña determinado valor catastral no momento do devengo, o Concello poderá liquidar o imposto cando o valor catastral sexa determinado, referindo dito valor ao momento do devengo.

Nas transmisións de inmobles nas que exista solo e construción:

O valor do terreo no momento do devengo será o valor do solo que resulte de aplicar a proporción que represente sobre o valor catastral total.

b) Na constitución e transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio:

O valor do terreo no momento do devengo será a parte do valor definido no apartado a) anterior que represente, respecto de aquel, o valor dos referidos dereitos calculados mediante a aplicación das normas fixadas a efectos do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados.

c) Na constitución ou transmisión do dereito a elevar plantas sobre un edificio ou terreo, ou o dereito de realizar a construción baixo solo sen implicar a existencia dun dereito real de superficie:

O valor do terreo no momento do devengo será a parte do valor definido no parágrafo a) anterior que represente, respecto de aquel o módulo de proporcionalidade fixado na escritura de transmisión ou, no seu defecto, o que resulte de establecer a proporción entre a superficie ou volume das plantas a construír en voo ou subsolo e a total la superficie ou volume edificadas unha vez construídas aquelas.

d) Nos supostos de expropiacións forzosas:

O valor do terreo no momento do devengo será a parte do xustiprezo que corresponda ao valor do terreo, salvo que o valor definido no parágrafo a) anterior fose inferior, en cuxo caso prevalecerá este último sobre o xustiprezo-

Artigo 9º.-

1. Determinado o valor do terreo, aplicarase sobre o mesmo o coeficiente que corresponda ao período xeración.

O período de xeración do incremento de valor será o número de anos ao longo dos cales se puxese de manifesto dito incremento. Os incrementos que se produzan nun período superior a 20 anos entenderanse xeradas, en todo caso aos 20 anos.

No cómputo do número de anos transcorridos tomaranse anos completos sen ter en conta as fraccións de ano.

No caso de que o período de xeración sexa inferior a un ano, será prorrateado o coeficiente anual tendo en conta o número de meses completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de mes.

Nos supostos de non suxeición, salvo que por lei se indique outra cousa, para o cálculo do período de xeración do incremento do valor posto de manifesto nunha posterior transmisión do terreo, tomarase como data de adquisición, aos efectos do disposto no parágrafo anterior, aquela na que ocorreu o anterior devengo do imposto.

O artigo 107.4 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo establece uns coeficientes máximos aplicables por período de xeración. Anualmente e segundo o RD-Lei 26/2021, de 08 de novembro, que modifica o art. 107.4 do TRLRHL, poden ser susceptibles de actualización e poderase levar a cabo mediante as leis de presupostos xerais do Estado. Estes coeficientes actualizaranse automaticamente unha vez publicada a norma estatal con rango de lei que os actualice.

O Concello aplicará os seguintes coeficientes segundo o período de xeración:

Periodo de xeración	Coeficiente
Inferior a 1 ano.	0,14
1 ano.	0,13
2 anos.	0,15
3 anos.	0,16
4 anos.	0,17
5 anos.	0,17
6 anos.	0,16
7 anos.	0,12
8 anos.	0,10
9 anos.	0,09
10 anos.	0,08
11 anos.	0,08
12 anos.	0,08
13 anos.	0,08
14 anos.	0,10
15 anos.	0,12
16 anos.	0,16
17 anos.	0,20
18 anos.	0,26
19 anos.	0,36
Igual o superior a 20 anos.	0,45



No obstante o anterior, dado que os coeficientes máximos poden ser actualizados anualmente mediante norma con rango legal; se como consecuencia de dita actualización, algúns dos coeficientes regulados no presente artigo resultara superior ao novo máximo legal, aplicarase este directamente ata que se publique a Resolución da Alcaldía no Boletín Oficial da Provincial que actualice e corrixa dito exceso.

2. Cando o suxeito pasivo constate que o importe do incremento de valor é inferior ao importe da base imponible determinada dacordo co sistema de estimación obxectivo, poderá calcular a base imponible sobre datos reais (**Estimación directa**).

Para constatar dito feito, utilizaranse as regras de valoración recollidas no articulo no apartado 4 do artigo 3º desta Ordenanza.

CAPITULO V

DÉBEDA TRIBUTARIA

SECCIÓN PRIMEIRA

COTA TRIBUTARIA

Artigo 10º.-

A cota íntegra deste imposto será a resultante de aplicar á base imponible o tipo do 30%.

Artigo 11º.-

A cota líquida do imposto será a resultante de aplicar á cota íntegra, nos casos que proceda, a bonificación á que fai referencia o artigo 6º desta Ordenanza.

CAPITULO VI

DEVENGO

Artigo 12º.-

1.- O imposto devégase:

a).-Cando se transmita a propiedade do terreo, xa sexa a título oneroso ou gratuíto, entre vivos ou por causa de morte, na data da transmisión.

b).- Cando se constitúa ou transmita calquera dereito real de goce limitativo do dominio, na data en que teña lugar a constitución ou transmisión.

2.- Aos efectos do disposto no apartado anterior, considerarase como data da transmisión:



- a) Nos actos ou contratos entre vivos, a de outorgamento do documento público, e cando se trate de documentos privados, a da súa incorporación ou inscrición no Rexistro Público, ou a da súa entrega a un funcionario público por razón do seu oficio.
- b) Nas transmisións por causa de morte, a do falecemento do/da causante.
- c) Nas poxas xudiciais, administrativas ou notariais, tomarase a data do auto ou providencia aprobando o seu remate.
- d) Nas expropiacións forzosas, a data da acta de ocupación dos terreos.
- e) No caso de adxudicación de solares que se efectúen por Entidades urbanísticas a favor de titulares de dereitos ou unidades de aproveitamento distintos dos propietarios orixinariamente aportantes dos terreos, a protocolización da acta de reparcelación.

Artigo 13º.-

1.- Cando se declare ou recoñeza xudicial ou administrativamente por resolución firme, ter lugar a nulidade, rescisión ou resolución do acto ou contrato determinante da transmisión do terreo ou da constitución ou transmisión do dereito real de goce sobre o mesmo, o suxeito pasivo terá dereito á devolución do imposto satisfeito, sempre que dito acto ou contrato non lle producira efectos lucrativos e que reclame a devolución no prazo de catro anos dende que a resolución quedou firme, entendéndose que existe efecto lucrativo cando non se xustifique que os interesados deban efectuar as recíprocas devolucións ás que se refire o artigo 1295 do Código Civil.

Aínda que o acto ou contrato non producira efectos lucrativos, se a rescisión ou resolución se declarase por incumprimento das obrigacións do suxeito pasivo do Imposto, no haberá lugar a devolución algunha.

2.- Se o contrato queda sen efecto por mutuo acordo das partes contratantes, non procederá a devolución do imposto satisfeito e considerarase como un acto novo suxeito a tributación. Como tal mutuo acordo, estimarase a avenencia en acto de conciliación e o simple alleamento da demanda.

3.- Nos actos ou contratos nos que medie algunha condición, a súa calificación se fará de acordo ás prescricións contidas no Código Civil. Se fose suspensiva non se liquidará o imposto ata que esta se cumpra. Se a condición fose resolutoria, esixirase o imposto dende logo, a reserva, cando a condición se cumpra, de facer a oportuna devolución segundo a regra do apartado 1 anterior.

CAPITULO VII

XESTIÓN DO IMPOSTO

SECCIÓN PRIMEIRA

OBRIGACIÓNS MATERIAIS E FORMAIS

Artigo 14º.-

1. Os suxeitos pasivos estarán obrigados á presentación perante deste Concello declaración segundo o modelo determinado polo mesmo, que conterá os elementos da relación tributaria.

2.- Dita declaración deberase presentar nos seguintes prazos, a contar dende a data na que se produza o devengo do imposto:

a).- Cando se trate de actos “inter vivos”, o prazo será de 30 días hábiles.

b).- Cando se trate de actos “mortis-causa”, o prazo será de 6 meses prorrogables ata 1 ano a solicitude do suxeito pasivo.

3.- Nas transmisións “inter vivos”, xunto coa declaración aportarase obrigatoriamente o documento que conteña a transmisión gravada, que xeralmente será unha escritura pública, pero segundo o caso poderá ser: escritura pública ou documento privado de compravenda ou permuta, escritura de doazón, escrituras derivadas de operacións societarias, sentenza xudicial de adjudicación de bens inmobles, acta de expropiación forzosa ordinaria ou acta de pago do xustiprezo de expropiación forzosa urxente, escritura de constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, etc.).

No caso de transmisións “mortis causa” aportarase xunto coa declaración a seguinte documentación:

- Certificado de defunción.
- Testamento.
- Certificado do Rexistro de actos de última vontade.
- Resguardo dos modelos 650 e D650 presentados a efectos do Imposto de Sucesións e Doazóns.
- Títulos de adquisición polo causante de tódolos inmobles engadidos na herdanza.
- Copia do DNI de tódolos herdeiros.

Cando se trate dunha transmisión “mortis causa”, na que a herdanza non se aceptase nin adjudicase, a documentación a aportar é a seguinte:

- Certificado de defunción.
- Testamento.
- Certificado do Rexistro de actos de última vontade.
- Resguardo do modelo 660 presentado a efectos do Imposto de Sucesións e Doazóns.
- Títulos de adquisición polo causante de tódolos inmobles engadidos na herdanza.
- Copia do DNI de tódolos herdeiros.

Para todos os casos, cando no documento da transmisión gravada non figure a data dos títulos anteriores polos que se adquiriu no seu día o inmovible obxecto de transmisión, aportarase copia dos documentos onde consten ditos títulos anteriores (escritura pública, nota rexistral, etc.).



No caso de declaración da non suxeición ao imposto por inexistencia de incremento real do valor do terreo ou por optar pola estimación directa da base imponible do imposto (incremento real do valor), debe aportarse necesariamente a seguinte documentación:

- Os títulos de adquisición e transmisión do inmovible (xeralmente escritura pública).
- No seu caso, os resguardos dos modelos 650, D650 do Imposto de Sucesións e Doazóns.

Artigo 15º.-

1.- Establecese o sistema de autoliquidación polo suxeito pasivo, que levará consigo o ingreso da cota resultante da mesma dentro dos prazos previstos no artigo 14º apartado 2, excepto cando se trate do suposto a que fai referencia o artigo 8º, apartado 3.a) nos seus parágrafos 2º e 3º, nos que deberá presentar declaración á que acompañará documentos dos actos ou contratos que orixinan a imposición, dentro dos prazos que sinala o artigo 14º, 2, para que lle sexa practicada a correspondente liquidación polos servizos económicos deste Concello.

Artigo 16º.-

1.- Estarán así mesmo obrigados a comunicar ó Concello a realización do feito imponible nos mesmo prazos que os suxeitos pasivos, os que fai mención o artigo 7º desta Ordenanza:

- a) Nos supostos contemplados na letra a) do artigo 7º da presente Ordenanza, sempre que se producisen por negocio xurídico entre vivos, o donante ou a persoa que constituía ou transmita o dereito real de que se trate.
- b) Nos supostos contemplados na letra b) do citado artigo, o adquirente ou a persoa a favor de quen se constituía ou transmita o dereito real de que se trate.

Artigo 17º.-

1.- Así mesmo, os Notarios estarán obrigados a remitir ó Concello, dentro da primeira quincena de cada trimestre, relación ou índice comprensivo de tódolos documentos por eles autorizados no trimestre anterior, nos que se conteñan feitos, actos ou negocios xurídicos que poñan de manifesto a realización do feito imponible deste Imposto, con excepción dos actos de última vontade. Tamén estarán obrigados a remitir, dentro do mesmo prazo, relación dos documentos privados comprensivos dos mesmos feitos, actos ou negocios xurídicos, que lles presentaran para coñecemento ou lexitimación de sinaturas. O previsto neste apartado enténdese sen perxuício do deber xeral da colaboración establecido na Lei Xeral Tributaria.

Na relación ou índice que remitan os Notarios ó Concello, estes deberán facer constar a referencia catastral dos bens inmovibles, cando dita referencia correspóndase cos que sexan obxecto de transmisión.

SECCIÓN SEGUNDA

INSPECCIÓN E RECADACIÓN

Artigo 18º.-

A inspección e Recadación do imposto realizaranse de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

SECCIÓN TERCEIRA

INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Artigo 19º.-

En todo o relativo á calificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.-

Coa finalidade de manter actualizados os coeficientes contidos nesta Ordenanza e que puideran sufrir modificacións a través da Lei de Presupostos Xerais do Estado, o Pleno do Concello, como órgano competente para a aprobación dos mesmos, faculta á Alcaldía para actualizar o artigo 9º e os que resulten necesarios, mediante Decreto, para adaptar o seu contido ás modificacións que se poidan establecer polos órganos competentes do Estado, durante a vixencia desta Ordenanza e ordenando despois a preceptiva publicación do texto no Boletín Oficial da Provincia. Esta actualización non implica unha modificación da ordenanza.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Non obstante, para aqueles devengos producidos a partires do 10 de novembro do 2021 inclusive e polos que o obrigado presentou a declaración a que fai referencia o artigo 14º.1 desta ordenanza, en tanto non se produce a entrada en vigor das modificacións aprobadas polo Pleno de data 31 de marzo de 2022 liquidarase o Imposto polos servizos económicos deste Concello en base ao disposto polo Real Decreto Lei 26/2021, do 8 de novembro.

Nembargantes no momento en que estea dispoñible a aplicación informática para o cálculo deste imposto, mediante autoliquidación, o suxeito pasivo, presentaraa dentro dos prazos establecidos polo artigo 15º da ordenanza e en base ao disposto polo Real Decreto Lei 26/2021, do 8 de novembro.

O que se fai público para xeral coñecemento, advertíndose que dicho acordo esgota a vía administrativa, podendo interpor contra o mesmo, no prazo de dous meses contados desde a data seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 10 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime oportuno.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno do Concello, na sesión celebrada o día 21 de marzo de dous mil tres. Publicándose o seu texto íntegro no B.O.P. nº.: 129 de data 7 de Xuño de 2003. Comezará a rexer o día un de xaneiro de dous mil tres, e continuará vixente mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.



Por Pleno de data 25 de setembro do 2008, modificáronse os artigos 5º e 7º e derrogouse a disposición adicional, publicándose os seus textos íntegros no BOP nº 285 de 12 de decembro do 2008.

Por Pleno de data 30 de setembro do 2010, modificouse o artigo 9º, publicándose o texto íntegro da Ordenanza no BOP Nº 246 de data 28 de decembro do 2010.

Por Pleno de data 29 de setembro do 2011 modificouse o artigo 6º, publicándose o seu texto íntegro no BOP Nº 241 de data 21 de decembro do 2011. Corrección de erro desta publicación no mesmo BOP.

Por Pleno de data 31 de marzo do 2022 adoptouse acordo inicial de modificación dos artigos 3º, 4º, 6º, 8º, 9º, 10º, 12º e 14º e incorporouse una disposición adicional e outra transitoria, adoptándose acordo definitivo polo Pleno de data 30 de xuño do 2022 e publicándose os seus textos íntegros no BOP Nº 128 de data 7 de xullo do 2022.